

Sentía o sol dentro da cabeza.
Faloume do inferno, e entón calei.

Cando cheguen as chuvias que faremos?

Acordamos baixo daquel sol que enchía
o aire cunha luz rara,
proxeitada na sombra dun piñeiro.
Acordamos nunha tarde de chuvía e tedio.
O silencio canta nos ouvidos, asubía,
apaga e vaise, e segue asubiando.

O sol quentaba.
O camiño era longo e malo.
Éntrame unha pena negra no corazón
e pónseme o sangue todo cheíño de formigas.
Sentía coma un niño de avésporas no corazón.
Ninguén falaba.
A terra cheiraba a queimado,
ardía por dentro,
levaba o corazón saltando na boca.
Un vento lene, triste,
movía as follas,
era o único ruído.
Todo ficou en silencio.

Un refacho de vento move uns papeis na rúa.
Ouvía os ruídos, as voces de ferro no taller mecánico.
A sombra da casa aínda non baixara da beirarrúa.
O sol, a luz clara daquel ceo azul
nas longas tardes de verán agardando a noite.
Aquel irse apagando dos ruídos, das voces, dos berros.
Aquel sentir o fresco das nove e media.
O ceo é agora vermello.
Ao lonxe vese unha pequena nube
que semella un elefante.
A tarde vaise apagando para facelo chorar,
para facerlle derramar esas bágoas pequenas
que nin sequera saen dos ollos.

O aire do domingo era distinto.
Quedou escoitando a soidade da sala,
esquecida de todo, así,
ausente.
O ruído das ondas a bater contra as rochas,
o pensamento afogado
nas bágoas que non chora,
que petan nos ollos
coa esperanza que leva dentro
de bicarse na praia,
nadando xuntos,
dourándose ao sol.
Soñar, soñar, só soñar,
mentres aquel monte de lume quente
os recorde fumegando.
Chove, chove, e os domingos empezan a ser feos.
Baila, e baila ata que volve o sol,
o sol da primavera, o sol que aloumiña as pernas,
a praia, o mar, o que xa non virá.

Pechaba os ollos e imaxinaba a rúa.
Sentiu os labios dela que se pousaban nos seus.
Bicáronse moitas veces.
Apoiou a cabeza no seu corazón.
Víanse ás agachadas.
No lugar de amor só quedaba un círculo.